

## Presentación

Atopar un tesouro é sentir a emoción de enlazar o presente co pasado máis valioso. Así é o traballo de José Rodríguez Cruz, un tesouro que recupera o patrimonio esvaecido do mundo máxico do Couto Mixto, da súa cultura sentimental.

Na noite estrelecida galega aparece este fermoso libro que recolle anacos da Antropoloxía cultural e das lendas deste recuncho do mundo raiano, galego-trasmontano. Sen el, o Couto Mixto quedaría eivado do seu máis xenuíno relato, o das historias e contos tantas veces repetidos ao quente do lume duns rachóns de carballo. Retorna así o arrecendo íntimo das casas que un día tiveron gravadas nas lumieiras das portas, o “E” de España, o “G” de Galicia ou o “P” de Portugal. A teimosía das metrópolis, hispana e lusa, por esnaquizar os dereitos seculares das xentes do Couto Mixto, deu na desaparición destes sinais.

Este territorio bretemoso -que para os seus moradores naceu dunha lenda, o favor dos veciños a unha raíña fuxida que deu a luz na invernía, ao amparo da calor da veciñanza- tamén comparte cos pobos da contorna o patrimonio inmaterial e xenético da Raia fronteiriza. A escrita de José Rodríguez Cruz, afianza así o imaxinario máxico da Terra, a xeito do poema de Ramon Cabanillas:

O home como o arbore  
tan soio reverdece  
cando ten as raíces  
onde tivo o berce.  
Se baixo doutros ceos  
algunha vez florece  
é porque inda nos ósos  
leva da Terra o celme.

A Rodríguez Cruz coñecino hai anos. Compañeiro de oficio antes e logo amigo, considero que é o estudoso máis sobranceiro da Raia ourensá na actualidade. Os seus traballos son produto do amor, do amor a unha terra estremeira con outra tamén amada, a do norte portugués. Os relatos, contos e lendas, o lobo, a Santa Compañía e

moitos máis conceptos, son imprescindibles no universo escintilante de Galicia. O contrabando -como forma de vida silandeira- é natural onde unha fronteira política afasta aos da mesma condición. O frío, a xeadada, a neve envolven este mundo poliédrico que só se entende con mirada pretérita. José Rodríguez Cruz comprende, ama e alumea o renacemento do Couto Mixto.

Luís Manuel García Mañá

Ourense, Xaneiro 2018